

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15026960	CEIP Plurilingüe de Ponzos	Ferrol	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias	4
c) Os criterios para incorporar elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	6
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	7
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	9
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

O decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na comunidade Autónoma de Galicia, establece que a educación infantil contribuirá a desenvolver as capacidades que lles permitan aos nenos:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en situación de igualdade e adquirir pautas de convivencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas nas diferentes linguas.

Dende o noso centro pensamos que a etapa de infantil debe ser unha etapa na que se adquiran hábitos e rutinas, tanto de traballo como a nivel social.

O decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia, establece que a educación primaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.

- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais.

- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Dende o noso centro cremos que ademais do traballo nas distintas áreas, é necesario inculcar no alumnado valores como o respecto á diversidade, a eliminación das desigualdades, a creación dun bo clima de convivencia, a potenciación de hábitos saudables, o fomento da motivación e da creatividade, etc...

b) A contribución á adquisición das competencias

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinar, e non de xeito illado.

As competencias clave que debemos desenvolver para as dúas etapas son as seguintes:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

Traballarase mediante o uso da lingua oral e escrita en múltiples contextos, ademais de empregar de forma funcional a primeira lingua estranxeira.

b) Competencia plurilingüe (CP).

Empregaranse diferentes linguas como elemento enriquecedor e cultural.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).

Empregaranse elementos e razoamentos matemáticas para a solución de problemas, tanto propostos como que poidan xurdir na vida cotiá.

d) Competencia dixital (CD).

O alumnado fará uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles (portátiles, tablets, robots) para resolver problemas reais de modo eficiente. Será importante que saiba discriminar a información relevante da non relevante, para seleccionar as fontes de información fiables.

Isto implica ser unha persoa autónoma, eficaz e responsable no tratamento da información.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

Traballarase a comprensión da realidade social na que vivimos. O alumnado afrontará a convivencia e os conflitos empregando un razoamento baseado en técnicas democráticas, exercendo a cidadanía responsable e actuando con criterio propio. O alumnado valorará a paz e a convivencia en harmonía, mantendo unha actitude solidaria e responsable ante o

cumprimento dos dereitos e obrigas.

f) Competencia cidadá (CC).

Implicará a correcta socialización do alumnado entre sí, a realización de actividades cooperativas, traballos en grupo, etc...

g) Competencia emprendedora (CE).

Actuará con confianza e avaliará proxectos de xeito creativo. Acadará cualidades e habilidades persoais, sociais, e de liderazgo.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Tentarase traballar un coñecemento básico das manifestacións culturais e artísticas fundamentais, principalmente as da nosa cultura. Adoptará unha actitude respectuosa e crítica ante as distintas manifestacións culturais e artísticas, e o desexo e vontade de cultivar a propia capacidade estética e creadora. Amosará interese por participar na vida cultural e por contribuír a conservar o patrimonio artístico e cultural.

Tendo en conta o mundo no que vivimos, tentarse potenciar o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

As diferentes áreas non serán traballadas como entes illados, senón que se relacionarán entre sí.

c) Os criterios para incorporar elementos transversais

Os temas transversais son todos aqueles contidos que impregnan toda a actividade educativa; é dicir, abórdanse ao longo de toda a etapa e en tódalas materias.

É loxico pensar que no mundo no que vivimos, non podemos limitarnos só aos contidos académicos, senón que se deberán incluír tamén a adquisición de habilidades, o desenvolvemento de intelixencias múltiples e a asunción de valores que permitan unha formación integral.

Dende tódalas áreas se contribuirá á educación cívica, para a paz, para a saúde, para a igualdade, á educación ambiental e para o consumo; xa que non podemos ver o centro como un ente illado do seu entorno, senón que ten que formar parte activa da sociedade na que vivimos.

Moitos dos aspectos que se tratarán dende as diferentes materias serán os seguintes:

- A comprensión lectora e expresión oral e escrita.
- A comunicación audiovisual
- As Tecnoloxías da información e da Comunicación
- O emprendemento
- A educación cívica e constitucional
- A prevención de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.
- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, ou o respecto aos dereitos humanos.
- Medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permiten afianzar o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo.

Tratamento dos elementos transversais:

- Realización de actividades a través do centro: alimentación saudable, educación física...
- Incorporación nas programacións didácticas de etapa e nivel destes aspectos.
- Campañas de sensibilización sobre determinados temas: alimentación saudable, consumo responsable, identidade dixital, inmigración, educación ambiental,...
- Realización de obradoiros específicos para abordar algún destes temas: educación en valores, habilidades sociais e resolución de conflitos, educación vial...
- Temas que poidan ir surxindo esporádicamente en función de situacións que surxan no centro.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Tentarase sempre desenvolver unha metodoloxía activa, na que o alumnado aprenda actuando, observando, participando, facendo, ...

Procurarase fomentar no alumnado unha actitude curiosa, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, se converta na base da súa formación e da adquisición das aprendizaxes coas que acadar as competencias básicas e segundo o grao de madurez.

O alumno deberá ser o protagonista da súa aprendizaxe: será significativa (relacionada con coñecementos previos e centros de interese), globalizada e na medida do posible máis comprensiva que memorística.

A metodoloxía terá as seguintes características: será activa, participativa, individualizada, socializadora, motivadora e cooperativa.

Tentarase potenciar nos alumnos as seguintes cualidades: responsabilidade, autonomía, sociabilidade e tolerancia.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

A selección dos materiais e recursos empregados na etapa de Educación Infantil e Educación Primaria será tomada polos diferentes equipos docentes.

Seguiranse un conxunto de criterios homoxéneos ou directrices xerais que perfilan a análise tendo en conta a adecuación ao contexto educativo do centro:

- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- Correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

Á hora de elexir os materiais e recursos didácticos teranse en conta as opinións dos diferentes axentes implicados:

mestres titores, especialistas, departamento orientación, equipos de dinamización, e o propio alumnado e familias.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A oferta educativa do centro contempla a elección de materia de Relixión Católica, ou a de Valores Sociais e Cívicos (en infantil, 2º, 4º e 6º de EP), ou Proxecto Competencial (en 1º, 3º ou 5º de EP).

A materia de proxecto competencial está enfocada á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas. As actividades propostas irán dirixidas a traballar a transversalidade do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre áreas.

Na asignatura de Valores Sociais e Cívicos a temática será parecida, aínda que non tan enfocada a proxectos concretos.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

As actividades complementarias a desenvolver co alumnado serán decididas entre os diferentes equipos, e expostas nas reunións conxuntas da CCP ou en reunións informais realizadas os martes polas tardes, principalmente.

Estas actividades estarán relacionadas cos contidos de cada área.

Ademais, haberá que atender ao establecido no currículo, como conmemoracións a traballar no calendario anual publicado pola Consellería.

Todas e cada unha das actividades complementarias que poidan ir surxindo deberán ser integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade, a tolerancia e o respecto.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Tendo en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; haberá que ter en conta varios aspectos interesantes:

- Manter unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, sobretudo nos casos de necesidades.
- Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe que se poidan adaptar aos diferentes ritmos de aprendizaxe á hora de propor tarefas.
- Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.
- As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo co alumnado.
- O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio.

Este tipo de reforzo farase con aqueles alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de

ensino/aprendizaxe.

- Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades

excepcionais. O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa para cada curso.

Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.

Para levar a cabo o plan de recuperación teremos en conta as diferentes posibilidades:

PLAN DE REFORZO OU RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO QUE PROMOCIONA CON ALGUNHA MATERIA PENDENTE

- Partiremos do grao de adquisición de obxectivos e competencias, así como das aprendizaxes imprescindibles de cada área ou materia pendente de superación.

- Haberá que partir das aprendizaxes non adquiridas (estándares e competencias) e as actividades a realizar para lograr alcanzalas.

- Estableceremos un plan de traballo no que determinaremos os coñecementos necesarios que deben ser adquiridos, as tarefas específicas e os espazos e tempos nos que se levarán a cabo.

- Determinaremos a responsabilidade de supervisión e os prazos para levala a cabo.

COORDINACIÓN ENTRE ETAPAS

- Basearémola, especialmente, na coordinación, e dicir, na toma de decisións conxuntas sobre aprendizaxes imprescindibles e a súa gradación por niveis.

- No noso centro, durante a transición de infantil a primaria, realizáremolo a través de reunións entre o equipo de infantil e o de 1º ciclo.

- E dentro da educación primaria, con reunións entre os diferentes ciclos (1º-2º ciclo, e 2º-3º ciclo).

- Con respecto á coordinación co IES ao que estamos adscritos, realizarase mediante a coordinación dos departamentos de orientación dos dous centros.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

A referencia será o artigo 50 da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

O plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor durante un curso académico.

O plan deberá incurrir os seguintes elementos:

a) Identificación da alumna ou do alumno.

b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.

- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación ordinaria farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránse os cambios pertinentes. Na sesión de avaliación final do curso informarásese sobre o seu desenvolvemento e aproveitamento persoal por parte do alumno/a.

En función das necesidades, tomaranse as medidas adecuadas ás necesidades educativas do alumnado.

Por una banda, mediante respostas de tipo curricular, que se concretan na elaboración, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares se fosen necesarias.

Por outra banda, respostas organizativas, que teñen que ver coa organización dos recursos humanos (apoios) e materiais do centro para atender este alumnado..

O Plan de Acción Titorial tenderá a favorecer o seguimento personalizado do proceso de aprendizaxe do alumnado e establecerá medidas que permitan manter unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar informacións sobre aqueles aspectos que poidan resultar relevantes para mellorar o proceso de aprendizaxe dos

alumnos/as, como para orientalos e promover a súa cooperación.

Facilitarase a integración dos alumnos/as no seu grupo e no conxunto da dinámica da aula, potenciando o esforzo individual e o traballo en equipo.

Haberá que realizar un seguimento exhaustivo para detectar posibles erros ou necesidades. recorrer aos apoios ou actividades adecuadas.

Daráselle prioridade ao apoio dentro da aula sempre que sexa posible.

Cando sexa necesario o reforzo fóra de aula, coas mestras especialistas de AL e PT, anticiparase ou reforzase os contidos traballados na aula.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

A normativa de referencia é a ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

No proceso de avaliacións é importante ter en conta as características singulares do alumnado e o contexto sociocultural no que está enmarcado o centro.

A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os contidos fixados con carácter xeral, a non ser que o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular (en tal caso os criterios de avaliación e os contidos serán os establecidos en dita adaptación).

Tendo en conta a nova normativa educativa e a vida na sociedade actual é sumamente importante ter en conta o grao de adquisición das competencias clave.

É moi importante ter unha avaliación clara, concisa e que non ofrezca ningún tipo de dúbida á hora da obtención das cualificacións.

Na etapa de educación infantil o principal procedemento é a observación (diario, anecdotario) e os traballos de aula (individuais, conversas na asemblea, participación en actividades...).

Na educación primaria é un pouco máis complexo.

En cada un dos cursos, os titores/as realizarán unha avaliación inicial do alumnado que completarse coa análise dos datos e información recibidas do titor do curso anterior. Isto permitirá adoptar as medidas de reforzo e de recuperación para o alumnado que o precise, así como as decisións oportunas sobre a programación a elaborar.

Ao finalizar cada curso, o profesorado que imparte cada clase a cada grupo de alumnos, levará a cabo a avaliación final dos resultados acadados polo alumnado. A valoración dos resultados consignarase nos documentos de avaliación.

Ao finalizar os cursos de 2º e 4º os titores/as emitirán un informe sobre o grado de adquisición das competencias do alumnado, indicando as medidas de reforzo que se

deben adoptar no seguinte ciclo.

Ao finalizar 6º de EP as titorías elaborarán un informe sobre a evolución e grado de adquisición das competencias desenvolvidas.

As principais decisións, incluídas as de promoción e acordos adoptados, serán recollidas nas actas das sesións de avaliación de final de curso.

A ponderación que se lle outorga a cada un dos instrumentos de avaliación aparece recollido nas Programacións Didácticas.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN

Tendo en conta a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia nos cursos de 1º, 3º e 5º a promoción será automática.

O alumnado promocionará á etapa seguinte sempre que se considere que ten superados os criterios de avaliación das diferentes áreas, cando lograse os obxectivos do curso ou etapa e teña acadado o grao de adquisición das competencias correspondentes.

O alumnado que non superase os obxectivos do curso ou etapa ou que non acadase o grao de adquisición das competencias correspondentes, poderá repetir unha vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo que será organizado polo equipo docente correspondente.

A decisión de non promoción, é unha medida excepcional e tomarase unha vez esgotadas o resto de medidas (reforzos, apoios), unha vez escoitada a opinión das familias.

O equipo docente decidirá sobre a promoción do alumnado, tendo especial consideración a opinión do/a titor/a.

Como norma xeral de centro, non se promocionará de curso sempre e cando non se superen dúas das materias instrumentais (matemáticas, lingua galega ou lingua castelá), ou tres en total (contando tamén as non instrumentais).

En educación infantil, cando sexa preciso, e sempre por acordo do equipo docente e con autorización e conformidade da familia, poderase pedir a autorización para que o alumnado con NEAE poderá permanecer no 2º ciclo de E.I. un ano máis (flexibilización). Nestes casos excepcionais sempre se valorará a aceptación do alumno/a no grupo de compañeiros/as e a integración do alumno/a no grupo da aula.

O alumnado con altas capacidades tamén por acordo do equipo docente poderá ter redución dun curso nesta etapa.

En ningún caso o alumnado poderá permanecer na etapa de E. Infantil máis alá do ano natural no que cumpra os sete anos de idade, nin comezar a etapa primaria antes do ano natural no que cumpra os cinco anos de idade.

En educación primaria a orde do 9 de xuño de 2016 polo que se regula a avaliación e promoción do alumnado que cursa EP na Comunidade

Autónoma de Galicia, establece no seu artigo 7 aspectos referentes á avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:

1. A avaliación do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo tomará como referente os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe fixados con carácter xeral, establecendo, para o alumnado que o requira, a adaptación das condicións de realización da avaliación, de forma que se garanta a obtención da información referente á aprendizaxe.

2. Cando o alumnado teña autorizada unha adaptación curricular, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe serán os establecidos en dita adaptación.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

En canto ás mencións honoríficas de 6º curso de educación primaria, establecerase un máximo de 5 por curso. Para optar a elas, haberá que contar cunha media superior a 9,50 puntos, e mostrar conductas exemplares tanto na convivencia coma no esforzo escolar.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas, que incluírán un modelo de programación e de resumo para o alumnado e as familias

A elaboración e elementos constituíntes das Programacións Didácticas veñen establecidos nos decretos correspondentes:

DECRETO 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia. (artigo 14)

DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. (artigo 15)

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación infantil e educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversalidade

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

As programacións serán elaboradas en PROENS e serán colgadas de xeito público na web do centro.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes dentro do marco establecido gozan de certa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación ou outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que se mellore o clima de convivencia.

- Permiten realizar actividades que desenvolvan o traballo en equipo.

- Permiten formar ao alumnado e profesorado en competencias científicas e dixitais.

- Permiten crear lectores/as eficientes.

- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

Entre os proxectos actuais constan:

- Proxecto Lingüístico.

- Plan Lector.

- Plan de mellora das bibliotecas escolares (PLAMBE).

- Radio escolar.

- Plan de convivencia.

- Plan xeral de atención á diversidade.

- Plan de orientación e acción tutorial.

- Plan dixital de centro.

- Plan de Comunicación.

- Plurilingüismo.

- PFPF ofertados polos CFR.
- Proxecto inmersión lingüística.
- Erasmus +.
- Voz Natura.

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar.

As modificacións que se produzan por cambios lexislativos faranse acorde aos prazos establecidos pola administración.

Esta avaliación da concreción, ten como finalidade adaptarse ás necesidades e características tanto do centro educativo como do profesorado e alumnado.